

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE OUTUBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 19 de outubro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 3a, 4a e 6a)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3a, 4a e 6a)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8a e 9a)  
D. Álvaro Crespo Casal (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas****a) Acta da sesión do 5 de outubro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 5 de outubro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**b) Acta da sesión do 9 de outubro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 9 de outubro de 2017 cos votos decos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**c) Acta da sesión do 13 de outubro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 13 de outubro de 2017 cos votos de D. Xesús A. Costas Abreu, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

**2.- Apertura administrativa**

**a) Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

“Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.
2. UTE -CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. (G.O.C.) - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
3. SOLTEC INGENIEROS S.L.
4. JORGE BARATA MARTÍNEZ”.

### 3.- Apertura da documentación técnica

**a) Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)**

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### 4.- Apertura económica

**a) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ORECO, S.A.	524.981,32 €
2	ORESA, S.L.	534.980,95 €
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	556.408,77 €
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	614.978,12 €



Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

	Licitador	Prezo
5	CIVIS GLOBAL, S.L.	531.481,09 €
6	C. D. INDEPO S. L.	549.337,59 €
7	HIDROMIÑO, S.L.	536.266,63 €
8	AVAN INTEGRAL, S.L.	542.195,00 €
9	UTE EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L. - EXCAVACIONES DARÍO, S.L.	539.266,54 €
10	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	520.695,75 €
11	COPCISA, S.A.	571.622,53 €
12	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	516.910,18 €
13	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	535.695,23 €

Asisten á apertura:

- Nicolás Fernández Domínguez, en nome de COPCISA, S.A.
- Manuel Alonso Vasconcellos, en nome da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN.
- Jorge Do Camiño Covelo, en nome de ORECO, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 13 de outubro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

## 8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI



### **urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 13 de outubro de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

### **9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 13 de outubro de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

### **11.- Propostas de adjudicación**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)**

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de setembro de 2017 de LA FIESTA ESCÉNICA por incorporar ao sobre B “documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 22:41	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA34B-8455E6-413953-WGCQTC-F4GWP6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

*cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC" (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) na seguinte orde descendente:*

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.	98 puntos

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación esixida pola normativa aplicable para as instalacións luminotécnicas e sónicas (apartado 6D do Anexo I -FEC- do PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.007,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., o día 29 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida nas datas 11, 15 e 16 de outubro de 2017, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 22:41	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA34B-8455E6-413953-WGCQTC-F4GWP6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 19 e 25 de setembro de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 133.100,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.100,00 euros.*
- b) *Propón un incremento da superficie a decorar nas seguintes zonas:*

Praza de Urzáiz (espazo público inmediatez Farola)	4m <sup>2</sup>
Rúa Príncipe (diante do MARCO, laterais e escaleiras)	3m <sup>2</sup>
Rúa Príncipe (mediana entre MARCO e Porta do Sol)	3m <sup>2</sup>
Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso, ata a xardineira central existente)	1m <sup>2</sup>
Porta do Sol (xardín efímero)	3m <sup>2</sup>

- c) *Incrementa o stock de seguridade esixida no prego (10%) nun 54%.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 22:41	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA34B-8455E6-413953-WGCQTC-F4GWP6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 22:41	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA34B-8455E6-413953-WGCQTC-F4GWP6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		